

1. Bartolo tiña unha filla  
que lle chaman Leonor  
un día estaba sentada  
cosendo no corredor-e.
2. I-o corredor ía de vello  
tiña aberturas no piso  
se de baixo se miraba  
víaselle o paraíso.
3. Mais o fillo de Saturno  
qu'alí viu a Lionor  
marchou como unha centella  
pra abaixo do corredor-e.
4. María ten boas pernas  
que llas vin no corredor  
non vin pernas coma i-elas  
na filla dun labrador-e.
5. Tapa as pernas Leonor-e  
que se non me engaño eu vexo  
por baixo desa mesota  
i-as orellas a un conexo.
6. Leonor, toda asustada  
quíxoas tapar de seguida  
pescou un salto p'atrás  
e caíeu patas arriba.
7. Eu paseime aló arriba  
na terra dos maraghatos  
atopei cunha velliña  
toda roída dos ratos.
8. Saturno subiu p'arriba  
por aquela escaleira  
i-acelerado de risa  
pa xunto da costureira.
9. Costureira non a quero  
tecelana non ma dan  
a filla do labrador  
sabe traballa-lo pan-he.  
(b)  
Ai, Jesús, que demo de vella  
ai Jesús, que conto lle ten  
que ela quere que lle faghan a cama  
i-ai que durman con ela tamén.
10. Aquela tecelaniña  
que ten o tear de vidro (?)  
debaixo das pernas dela  
leva o amor escondido  
*ai la la la ai la la*  
*ai a la la ai a la la.*
11. Costureira non a quero  
que n'a quixo meu irmau  
que ten as pernas tolleitas  
de estar a carón do chau-e.
12. Para cantar veño eu  
para bñilar meu irmán  
para toca-lo pandeiro  
viva quen o ten na mau-e.
13. A toca-la pandeireta  
xa ghaneei cinco raiás  
agora xa teño cartos  
para comprar un rapás-e  
*ai la la la la la la*  
*ai la la la la la la la.*
14. E se canto fagho ben  
e se canto fagho ben  
canto ca miña gharghanta  
non canto ca de ninguén-he.
15. Anduvécheste alabando  
que m'habías de deixar  
agora deixei i-eu  
corre ben, vaite alabar-e.
16. Esa que dixeches aghora  
aínda lle faltan palabras  
se te-las cabras na corte  
vaille apaña-las caghallas  
*ai la la la la la la*  
*ai la la la la la la la.*
17. Cara de porco furón  
cara de porco furón  
corre ti [?], se che parece  
pa atopar un cagallón.
18. Sei que vas moi enfadado  
non teño que che facer-e  
te-la fonte moi ben cerca  
colle o xerro e vai beber-e  
*ai la la la la la la*  
*ai la la la a la la la.*
19. Salta fóra, salta fóra  
merliña detrás do lar  
salta fóra, salta fóra  
que te quero desplumar-e.
20. Moitos [...]  
no aro dese pandeiro  
moito máis había estar-e  
se quitara-lo sombreiro  
*ai la la la la la la*  
*ai la la la a la la la.*
21. Traie-lo sempre aí o lado  
pódelo poñer ao orelo  
Anque son filla dun probe  
eu contigo non me asuxeito.
22. [Non teñ]as tanta fachenda  
non botes tanto por ela  
qu'unque te-la casa ghrande  
paga la renta por ela.
23. Non teñas tanta fachenda  
con esas túas ghedellas  
que as tés cheas de lendias  
que che comen as orellas.